

# Casas de baños de Riazor na Coruña de antano: La Primitiva

XOSÉ-M<sup>a</sup> MONTERROSO DEVESA\*




Fig. 1.- Proyecto, asinado por Faustino Domínguez, para casa de baños no núm. 5 duplicado da rua de Riazor (1874).

## MAIS DE CEN ANOS PÁSARON...

Mais de cen anos pasáron desde que, nas aforas da Coruña, nacera a zona balnearia de Riazor, como contraunto burgués da por enton fidalgueira e hoje desaparecida praia do Parrote, substituída, hai vinte anos longos, polo complexo deportivo *La Solana*: iniciábase así un proceso que está a culminar nesta hora coa construción do novo Paseo Marítimo da enseada do Orzán, belvedere incomparábel sobre as praias de Riazor, Orzán e Verberiana. Paseio acollido con alvorozo universal, inda que chegado con un século de atraso, o que lle resta esa soleira e categoría edilicias que pudo e deveu ter, non apenas pola fealdade ou insuficiencia de certas edificacións ac-

tuais, mas tamén pola desaparición de outras de antano que a iso estaban irremisiblemente condenadas pola precisa razón de ficaren en punto revalorizadísimo urbanisticamente.

A dar unha somera idea sobre unha desas edificacións e a súa funxión social, vai encamiñado este traballo que tan gentilmente acolle o *Anuario Brigantino*, exemplo de publicación amena e erudita onde as haja (1).

## OS COMEZOS

A historia comeza en 1874, cando Guillermo Howland de Quesada promove a edificación dun inmóvel para casa de baños no número 5 duplicado da rua de Riazor, cujo proxecto, asinado polo arquitecto Faustino Domínguez

\* Xosé-M<sup>a</sup> Monterroso Devesa é un escritor, afeizoado, entre outros, a temas históricos da súa Coruña natal, así como lingüísticos, onomásticos e xenealóxicos.

(1) E quero completar con este o traballo do Prof. Meijide Pardo, saído na revista *La Coruña, paraíso del turismo* do ano 89, intitulado *Casas de baños de mar en La Coruña del siglo XIX*. Nel, unha pequena confusión fixo tomar como dúas a que, na realidade, era unha casa só: aquela cuja edificación promoveu G. Howland a partir de 1874 e mais aquela outra fundada en 1877 co nome *La Primitiva*.



Fig. 2.- Dr. Ramón Juega Charlin (1887). Foto de Avrillon.

(pai), se pode ver na figura número 1 (2). Edifício no que rompe a funcionar *La Primitiva* en 1877.

É curioso como con ese nome se quería especificar na época todo aquilo que era o primeiro, preferindo a este *primeiro* aquel *primitivo*, pois que, frente a *La Primera Coruñesa* fábrica textil, houbo e hai na cidade, que eu saiba, aparte desta casa de baños, unha *La Primitiva*, zapatillaria, e unha *Primitiva Luz*, hotel que estivo no número 42 da rua da Franja.

E, con efecto, foi esta a primeira casa de baños particular da zona, pois *La Salud*, sua veciña e eterna rival, será aberta aínda nove anos máis tarde (Julio de 1886, regentada pola familia Dorrego desde 1896), sendo, en cámbio, a que máis lembra a gente de hoje: unha, por ter durado algun tempo máis, outra, por ficar máis inmediata ao centro urbano e

**LA PRIMITIVA**

**CASA DE BAÑOS**

DE AGUA DE MAR, DULCE Ó MEZCLADA

DUCHAS DE VARIAS CLASES — MASSAJE

**DUCHAS DE VAPOR**

MECANOTERAPIA - ELECTROTHERAPIA

GIMNASIO Y ESGRIMA

Abierta al servicio del público todo el año

Fig. 3.

praticamente chantada no mesmo areal.

A *La Primitiva* refere-se en 1879 *La Ilustración Gallega y Asturiana* (3) indicando que bañar-se ali costa 3 réas (ou 4 se se solicitava o enorme toallón-saída de baño). En 1882, morto seu home, vemos, (4) como a Sra. Vva. de Howland pide ao Concello autorizazon para establecer "un acueducto que atravesie la carretera de Riazor a fin de conducir, desde la primera casa a los baños de agua salada que tiene en este punto, el agua dulce necesaria para dicho servicio".

Deveu ser polo 1883 cando adquiriu o establecemento Tomás Velázquez, pois no anuncio inserto na guía de Faginas de 1890 (5) e reproducido máis de unha vez, di-se de *La Primitiva* que leva sete anos de existencia (en poder de tal propietario, quer dicer). Daquella contava con 12 pias de mármore e 14 de azulejos brancos (total: 26), capaces para 400 baños diarios de agua doce, de mar, quente, fría ou morna, a máis de duchas de varias clases.

(Por ese tempo, entre 1885 e 1890, a rua de Riazor 5/5 duplicado transformara-se en avenida de Rubine 47/49/51, incorporada a esta, recién denominada así, como segundo tramo e desaparecendo, lamentavelmente, do nomenclátor viário coruñés o topónimo Riazor).

Faginas non duvida en afirmar que dito balneario é "uno de los mejores, acaso el prime-

(2) Este cróquis procede do Arquivo Histórico Municipal da Coruña, Expedientes de Obras, ruas Riazor e Rubine.

(3) *La Ilustración Gallega y Asturiana*, núm. 20, Madrid, 20-7-1879, aludida polo Prof. Meijide no art. cit.

(4) *Medio siglo de vida coruñesa, 1834-1886*, por Jorge García Barros, A Coruña, 1970.

(5) *Guía indicador de La Coruña y Galicia*, por Ramón Faginas Arcuaz, A Coruña, 1890.

Gran Casa de Baños "LA PRIMITIVA"  
49 y 51, Avenida de Rubine, 49 y 51  
CHALET RIAZOR



Galería de Baños

TARIFA DE PRECIOS

	1.ª		2.ª			1.ª		2.ª	
	PTS.	PTS.	PTS.	PTS.		PTS.	PTS.	PTS.	PTS.
<b>BAÑOS SIMPLES</b>									
De agua dulce ó de mar .....	1,50	1	»						
<b>Compuestos</b>									
De mar con infusión de algas Aromatizado De salvado - De almidon De carquesia Alcalino, etc.....	2	»	1,50						
Arsenical - Sublimado Sulfuroso simple - Salino sulfuroso.....	2	»	1,50						
Sulfuro-alcalino - Sulfuro-gelatinoso.....	2,50	2	»						
<b>Sulfuro-sódicos artificiales</b>									
De Lugo, Carballo, Cuntis, etc.....	2,50	2	»						
<b>Clorurado-sódicos</b>									
De Arteijo, Solares, etc.....	2,50	2	»						
Toja (con sus sales).....	4,25	3,75							
Trillo .....	2,75	2,25							
<b>Clorurado sódico-sulfurosos</b>									
De Archena .....	3	»	2,25						
Caldas de Reyes, Caldelas de Tuy, Guardia vieja, etc., etc.....	2,50	2	»						
<b>DUCHAS</b>									
Escocesa .....	1,50	1,50							
Circulares, en lluvia, hemorroidales, vaginales, lumbares, dorsales, cervicales, en columna ó lanza.....	1	»	1	»					
<b>ROPAS</b>									
Servicio de sábana, jabón, etc., etc.....	0,25								
<i>(No se facilitan para baños minerales)</i>									
<b>Massage - Ducha de vapor</b>									

**ABONOS** - Por cada talón de 9 baños ó duchas pagados adelantados, se abona el precio de un baño de la clase á que corresponda el abono. Por cada talón para un mes de duchas, ó sea una diaria, 15. - **Nota** : Estos abonos mensuales ó duchas caducan al mes de su expedición.

Figs. 4a e 4b.

ro, con que cuenta esta capital... En el lindo jardín, los bañistas pueden distraerse y pasar agradablemente el tiempo antes y después de tomar el baño, o las familias que esperan a aquellos, si no prefieren solazarse haciendo música o escuchándola en la sala destinada a este fin".

Chegados à fin do século, a *Revista Gallega*

(6) nos informa ser Antonio Nogueira o (novo) propietario. A mesma revista di, dous anos despois, que o ginásio de *La Primitiva* está a cargo de Calvet, a masage do Dr. Alfeirán e os baños quentes son controlados polo Dr. Villabrille. Desa etapa é un comentario (7) de F. Tettamancy salientando as condizions sobranceiras do establecemento, que conta con sala

(6) *Revista Gallega*, A Coruña, números de 14-8-1898 e 12-8-1900.

(7) *Apuntes para la historia comercial de La Coruña*, por Francisco Tettamancy Gastón, A Coruña, 1900.



Fig. 5.- De La Coruña, Guía consultorio, Imp. Moret, 1926. Na Bibl. Mpal. de Estudos Locais.

de armas, esgrima e ginásia, audizos fonográficas, etc., sumado ao instrumental necesario para o cumprimento da súa funzon: aparellos hidroterápicos de massage, duchas de vapor, mecano e electroterápia.

### O NOVO SÉCULO

Pese às excelencias reseñadas, parece ser que o Sr. Nogueira se arruinou ben agiña, ocasión en que o Dr. Juega adquire (Jullo de 1903) empresa e finca a Marcelino García Torréns (talvez apoderado de Nogueira) (8). A familia pasaria a residir no primeiro andar, parte dereita (do observador, ver fig. 5a), morando na parte esquerda a familia Del Río Sánchez Granados, cuja filla Dolores (homónima da famosa actriz mexicana) exer-

cia como mestra particular e escritora bilíngüe, sendo, ao tempo, madriña da poetisa Dra. Marynés Casal, nascida, como dous seus irmaos, na Coruña e filla do cónsul-poeta uruguaio fundador da revista *Alfar*.

Cuarenta anos botaria *La Primitiva* en poder destes seus, para o caso, últimos propietarios, pois, se ben Juega morre ao ano e meio, tres fillos, primeiro, e un só despois, Luis Juega López, seguirán coa indústria.

Por aquel tempo a casa de baños ocupava unha ampla finca de 1.500 metros cadrados, con frente a Rubine e lateral a unha travesa que, cos anos, se chamou rua Pondal e que, anteriormente, fora o camiño de saída às hortas de Cristales e Paio Mouro, en cujas inmediacións se situava unha chamada *Capilla de*

(8) O Dr. Ramón Juega Charlín (1845-1905) (fig. 2) é o típico emigrante galego de fins do XIX da caste profesional. De apelido paterno breton -Güeguen/Gwegen- agalegado e materno francés, era, sen sabé-lo, primo-terceiro do seu genial tocao das barbas de chivo (1866-1936), como bisnetos respectivos dos irmaos arousáns Dominga e José del Valle Inclán, irmaos, à súa volta, do ilustrado abate Francisco, fundador do considerado primeiro periódico da Galiza, *El Catón compostelano*. Radicado Juega en Tacuarembó (no norte do Uruguai, onde ten unha rua), foi pioneiro médico da zona e ali casou cunha crioula de culta familia, tendo o casal fillos nas dúas beiras do Atlántico. Nunha das estadias na Galiza, este mason abjurante foi alcalde do Lage natal (1887-1890), mandando facer a praza principal (que, desde 1924, leva o seu nome). Curiosamente, no mesmo tempo, o lagés Cesáreo Pondal (1822-1897), americano como Juega, só que en Buenos Aires, irmao mais vello do *Bardo Bergantiñán*, mandou facer, como alcalde da Ponte-Ceso, a estrada que une ambas as vilas, a cal no tramo urbano de Lage leva, tamén desde 1924, o seu nome.



*Fig. 5a. Tan esquencida está La Primitiva das últimas gerazons, que esta fotografía, frecuentemente exposta en mostras sobre o pasado coruñés, jamás leva un pé que a identifique. Aquí figura a Casa Ares, recién construída à sua esquerda (post. ano 1927).*

*La Estrella*, da que non temos mais referencia. Na sua parte dianteira erguia-se o denominado *Chalet Riazor*, do que o primeiro andar, como fica dito, estaba destinado a vivendas (duas), instaladas no baixo as dependencias dos baños: taquillas, sala de espera (direita do observador) e ginásio (esquerda), e mais os servizos higiénicos. E nos laterais: cocheira (esquerda) e caldeiras, bombas e máis maquinaria (direita). Na prolongazon posterior da planta baixa, algo mais alta e à que se accedía por unha folgada escalinata, era onde se ubicaban os 27 cuartos (aumentaran un, polo visto) dos baños de primeira (esquerda) e de segunda (direita), rodeando con galería en forma de U un jardín de gratísimo aspecto, con fonte e pozo. Unha reste de médicos (José Devesa, Aznar, Ramón Juega (fillo), Etchevers (consogro póstumo do médico-poeta Leiras Pulpeiro), Rey Grimaldos, Juan Bermúdez, Lorenzo Agra...) foi-se sucedendo no exigido afuizamento profesional da casa, unha vez morto o médico comprador.

Foi em 1908 (concretamente o 4 de Marzo, mércores de Entroido, ao amanecer) cando unha das fillas do defunto Dr. Juega, a poetisa e joven Juana Teresa, foi tiroteada polo seu ciumento mozo, o Tte. Morales, na sala de espera do chalet, ficando ela ferida gravemente (inda que non de morte) e suicidando-se el decontado, no inmediato areal (9). O sucesos literário-paixonal deixou ronsel nas sucesivas historias da literatura galega e nalgunha antologia, a pesar de que a novel poetisa non chegou a editar aquel libro, con prólogo de Leopoldo Pedreira, causante da desafortada reazon do noivo.

Deses anos (de antes e despois) son (lembrete e postal que reproducimos por ambas as caras, figs. 3, 4a e 4b) as tarifas de prezos que



Fig. 5b. Así plasma a Historia da cidade da Coruña en cómic (*Equipa Nono Art, Barcelona/Zaragoza, 1985, pág. 52*) tamén sen nomeá-la, a foto da fig. 5a, relacionando, no pé, a *La Primitiva* co primeiro vó que, en 1911, sulcou o céu coruñés: craso erro, pois, aínda que esta vista é aérea, corresponde p. 1927, cando se edifica o engadido da esquerda (e a *Casa Ares* se construiu nos anos 20). Aquí se pode apreciar, mellor do que na foto, a edificazon, a dúas áugas, do fondo esquerda, única sobrevivente — abandonada — hoxe en día, sita na confluencia da rua *Rei Abdullah* coa de *Pérez Cepeda*, que fora antano fábrica de gaseosas.

aquí se mostran, das que se tira que o baño mais económico já costava 1'50 pta. (e 1'75 co toallon consabido), podendo-se advertir, igualmente, a variedade de servizos ofertados.

En 1920 a rua da praia experimenta un cambio fundamental, e non só de nome, ao demoleren-se as casas da acera da direita (pa-res), entre as actuais ruas Barja e Pondal, dan-

(9) *La Voz de Galicia*, 5 e 6-3-1908. *La Correspondencia Española*, Madrid, 6-3-1908. *El Ideal Gallego*, 18-4-1982 (Josefina L. de Serantes). *Festa da palabra silenciada*, outono-1990 (Amara Amor). *A Nosa Terra*, 6-6-1991 (X.- M. Monterroso Devesa). *La Voz de Galicia*, 8-10-1992 (Aurora Marco)... no tocante aos artigos ou crónicas mais extensas; hai varias referencias en libros sobre literatura galega ou outras materias, v.g.: *Diccionario Bio-bibliográfico de escritores*, por A. Couceiro Freijomil. *Historia da Literatura galega contemporánea*, por R. Carvalho Calero. *Memorias de un estudiante liberal, 1903-1931*, por Emilio González López, Sada, 1987, pág. 29, testemuña persoal das lembranzas de cando era un cativo de 4 anos e meio e que por iso transcrevemos: "En la recuperación / de una fiebre tifoidea / mi tía Amelia / el di Amalia /, bañera de la Casa de Baños de Juega, me llevaba muy temprano a tomar un baño de mar... Una noche, / era de mañ cedo / en medio de los silbidos del viento y del fragor del mar, oímos unos disparos de revólver: un oficial del ejército había herido, gravemente, a la poetisa Teresa Juega, hija del propietario de la Casa de B. de este nombre / propietario que já morrera, o nome non era tal, mas si popularmente / para forzarla a que no publicara un libro de poesías; y luego, volviendo contra él el revólver, se suicidó. Fueron los primeros disparos que of en mi vida: los que hizo un militar al suicidarse."



Fig. 6.- Nesta vista dos anos 1960 aínda está a Casa Ares acaron da que substituíu a La Primitiva.

do nacemento ao cumprido andén de Riazor, con xardinciño incluído, e no que se montava, cada temporada, a artística e moi fotografada marquesina; gañando-o todo a Casa de baños; se ben fotograficamente seguiu oculta como sempre: se antes as citadas casas, interpondo-se, non nos permiten vé-la en tantas vistas como de Riazor hai, a marquesina, agora, cubría boa parte da súa fachada vista desde o mar. Así e todo, seguiron algun tempo máis os chamados ranchos de Riazor, no andén do tramo seguinte, entre as actuais Pondal e Calvo Sotelo, tradicional morada dos pescadores da zona, contra os que tanto clamava a prensa da época. E é entón cando o tramo marítimo de Rubine volta a cobrar autonomía, para ficar *La Primitiva* (ampliada no ínterin a fachada por ambos lados, figs. 5, 5a e 5b) situada na avenida de Buenos Aires, número 49; autonomía que se converte en independencia total

cando, cara ao 1980, a finca pasa a ostentar o número 7 a 9 da mesma arteria.

## OS ÚLTIMOS TEMPOS

Já desde 1944 *La Primitiva* non pertencía a Juega; seu novo propietario, Sr. Loureiro, non fixo outra cousa que prolongar dous anos máis a que, sen dúbida, sería vida agonizante dunha industria que, como a dos baños, florecera na *belle époque*. O chalet sería derrubado polo 1949, substituído primeiro, por unha garage por pisos, e, finalmente, polo actual edificio de vivendas de 13 andares que se pode ver nas figs. 6 e 7.

Aínda outro dado histórico-dramático: nos fondos da casa de baños ocultou-se, algunhas semanas daquel infausto verao do 36, o deputado de *Izquierda Republicana* e ex-presidente da Deputación coruñesa, Alfredo Somoza (10).

(10) *Alfredo Somoza*, por Carlos Sixirei, Sada, 1987, págs. 70/71 e apéndice gráfico (2 fotos do banquete aos concellais republicanos de 1931, máis 1 da reunión en Moret de 1933, total: 3 nas que aparece Juega). O dono já citado, Luís Juega, correligionario de Somoza en *Izquierda Republicana*, foi o primeiro en dar-lle amparo, sendo os fondos de *La Primitiva* o número un dunha serie de refúxios que, durante 11 anos, ocupou o infortunado político coruñés, até conseguir fugir, via Franza, para o Montevideo onde o aguardava a familia e onde gozou brevemente da liberdade, pois morreu en 1951.

## LA CORUÑA



Fig. 7.- Nesta vista de 1992 poden-se apreciar as fincas números 5/6 e 7/9 da Av. de Buenos Aires, cos edificios que substituíron à Casa Ares e a La Primitiva.

Mas agora voltemos aos comezos daquela *belle época*: A Coruña rematava justamente en Riazo. Mais longe, aparte, ficava San Roque de Fora. O estadio e a praza de Portugal (antano chamada esa encrucillada *plazuela de Buena Vista*) non existían. A Cidade-Jardín apenas agromava. Un camiño rural levava ao Peruleiro por onde hoje se estende a ben cumprida avenida da Havana. Unha fileira de casoupas (os citados ranchos) prolongava aquela vella rua de Riazo, periodicamente sulcada polo tranvía nº3... *La Primitiva* era o derradeiro inmóvel de consideración da zona e da urbe toda, embora falarmos de urbe pareza excesivo para referirnos á amável e doméstica Marineda dos 20. Ir alí debía ser, realmente, *viajar* ás aforas, á procura dunha praia cuase finistérrica...

É daquela (e despois) cando a nosa casa de baños, e mais aínda a vivenda dos propietarios que a sobranceira, se tornan verdadeiro centro de sociabilidade, onde, junto ás veladas familiares arredor do piano (coa pedagógica asistencia sucesiva dos maestros Pillado e Baldomir), se producen as tertúlias espontáneas

polas que, en épocas diversas, desfilarán gentes tan diversas tamén como Riguera Montero e Zenitram (pseudónimo literario do cura Martínez), Marcelo Macías, Pérez Ballesteros e Antón Villar Ponte, Julio J. Casal e Constantino Sánchez Mosquera (chamados estes pola presenza uruguia da vella dona da casa), talvez até Pondal (que frecuentava en Lage ao Dr. Juega, nas temporadas que este pasava no cido natal)...

Mas non só como centro social recreativo, tamén como lugar de refúgio ocasional para as familias dos pescadores en noites de trovoada, era que *La Primitiva* actuava, naquelas jornadas nas que o mar varría as vivendas do areal, segundo já aludimos.

O propio nome, ingenuamente orgulloso, de *La Primitiva* estaba-nos como que anunciando a desaparición dun mundo de preguerra que tantos de nós apenas podemos entrever bebendo nos libros ou nos lábios dos nosos maiores...

E unha última reflexión: cantos betanceiros se achegarian a estes balnearios de Riazo, en procura do seu perdido mar? ♦